

15 alumnos de toda Galicia comezan o curso de A.T.A.N. para garantir un turismo náutico de calidade nas distintas estruturas náuticas de Galicia

O PROGRAMA ATAN (AUXILIAR TÉCNICO EN ACTIVIDADES NÁUTICAS) PRESENTADO ESTA SEMANA EN CASTRELO DE MIÑO

Santiago de Compostela, Novembro de 2007. Esta semana foi presentado en Castrelo de Miño o programa ATAN (Auxiliar Técnico en Actividades Náuticas). Ao acto acudiron o alcalde do Concello de Castrelo de Miño D. Xurxo Rodríguez, a Presidenta do Clube Náutico Castrelo de Miño Dña. Beatriz Alberte e o Presidente de A.G.A.N. (Asociación Galega de Actividades Náuticas) D. Francisco Quiroga.

O curso está subvencionado pola Consellería de Traballo e Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, organizado pola Asociación Galega de Actividades Náuticas, e respaldado por distintas federacións nacionais.

O obxectivo principal de esta formación consiste en preparar aos futuros profesionais do sector da náutica de recreo e deportiva para que adquiran unha cualificación e competencias adaptadas a un sector emerxente en Galicia. Motivo polo cal os 15 alumnos seleccionados para realizar o curso pertencen a zonas distintas zonas de Galicia: 3 pertencen a Castrelo de Miño, 4 a Pontevedra, 1 a Carnota, 1 a Lira, 1 a Muros, 1 a Santiago de Compostela, 2 a Foz, 1 a Ribadeo, e incluso se conta ca presenza dunha alumna vida expresamente para o curso dende Montevideo(Uruguay).

AGAN trata de profesionaliza-lo sector das actividades náuticas cun corpo de auxiliares técnicos polivalentes que serán formados nun dos posibles lugares de traballo: Castrelo de Miño, un dos catro primeiros Centros ao Aire Libre de Galicia, o Centro ao Aire Libre de Taboada ou nas sete bases náuticas que se implantarán no marco do Plan de Dinamización Turística Costa da Morte, ou en calquer tipo de infraestrutura deportivo-náutica.

A formación está ideada para 800 horas coa posibilidade de dividilas en 4 módulos de 200 para dar opción á incorporación paulatina de alumnos. O curso terá unha duración mínima de 6 meses e impartirase de luns a venres.

Contidos do Curso ATAN:

UD-1 Medio ambiente mariño; UD-2 Remo e piragüismo; UD-3 Vela lixeira- windsurf
UD-4 Turismo náutico; UD-5 Prácticas en empresas; UD-6 Mantemento do material
UD-7 Formación para a igualdade; UD-8 Teórico e Práctica barco a motor. P.E.R.
UD-9 Socorrismo e R.C.P.; UD-10 Mergullo: Open Water Diver (O.W.D.)

Experiencia europea:

O programa de formación ATAN leva anos funcionando na nosa veciña Bretaña (Francia). En termos xerais, e dada a estreita colaboración entre Nautisme en Bretagne e AGAN, as liñas directrices son moi semellantes para facilitar o recoñecemento institucional do diploma ATAN a escala transnacional. Dita colaboración permitiu unha transferencia tecnolóxica dos contidos didácticos e da experiencia da formación francesa.

Con este proxecto europeo preténdese dar un primeiro paso para potenciar no Espazo Atlántico, unha oferta de turismo náutico de calidade e coherente, e por conseguinte, unha profesionalización homoxénea mediante o desenrolo de formacións de tipo ATAN en tódalas rexións do destino turístico da fachada Atlántica.

Adxúntase fotografías.

1. Personal de AGAN, Personal do Clube Náutico de Castrelo, Alcalde do Concello de Castrelo, alumnos do curso ATAN.

2. CAL Castrelo

Para máis información contactar con Katia Romeu, encargada de comunicación de AGAN no 686 876 659 ou en comunicacion@agan.info.